

[Versión en ESPAÑOL](#)

[ENGLISH version](#)

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 6/2019

**RESOLUCIÓN 6/2019, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PUBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE ESPECIFICAMENTE COLABORE NAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN.**

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público de méritos Nº 6, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes **bases**.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

#### 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo poderán participar os nacionais de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Non obstante a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da titulación/s válida/s en España que se indique/n no anexo da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/contratacion.htm>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> . A documentación complementaria presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

**O prazo de presentación de solicitudes será de SETE (7) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada polo interesado.

### 4.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

4.1.-DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

4.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE O INTERESADO MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos

cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a non selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas aquel houbera lugar.

#### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de **TRES (3) días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

#### 6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

**Presidente/a:** O/A xefe/a do Servizo de Xestión Actividades de I+D ou persoa na que delegue.

**Secretario/a:** O/A xefe/a do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D o u persoa na que delegue

**Vogais:**

O/A xefe/a de Sección de Convocatorias e Programas de I+D

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

## 7.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase en dúas fases atendendo ao seguinte procedemento:

### FASE I

I.-O investigador propoñente da praza, á vista das solicitudes e currículos presentadas así como dos criterios de baremación publicados, deberá presentar á comisión de selección un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### FASE II

II.-A comisión de selección tendo en conta o informe razoado do investigador propoñente, os currículos presentados e os criterios de baremación publicados, elaborará a proposta de adxudicación, que elevará ao reitor.

III.-A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

IV.-Publicarase unha **resolución de adxudicación**, que se poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.

## 8.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria adicarase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico de investigación, ou de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais temporais ou formativas previstas na lexislación laboral vixente.

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobreviñidas non previstas inicialmente.

#### 10.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

#### 11.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sixilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

#### 12.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

#### 13.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

#### 14-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse o taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo

anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Por delegación do Reitor

(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzurri

(Documento asinado dixitalmente)



Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG091

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1743 Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Instituto da Lingua Galega (ILG)	
Investigador principal	Álvarez de la Granja, María	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Tratamento e análise de datos do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica	
Funcións a realizar	Transcrición fonética e ortográfica de datos , Revisión e corrección de materiais da base de datos , Análise cualitativa e cuantitativa dos materiais	
Retribución bruta mensual	1108,69 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (25,00 horas semanais) 09:00 14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Expediente académico	40
Ítem nº 2	Experiencia investigadora no tratamento e análise de datos xeolingüísticos	15
Ítem nº 3	Experiencia no uso de programas GIS	15
Ítem nº 4	Licenciatura ou grao con especialización en lingua e literatura galegas	10
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG096.00

2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1637 Visión Artificial (GVA) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Cabello Ferrer, Diego	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	desenvolvemento dunha librería de procesado de imaxes	
Funcións a realizar	Axuda para o estudo de funcións de procesado de imaxe en OpenCV e implementación en Javascript , Axuda para o empaquetamento das funcións de procesado de imaxe nunha librería propia , Axuda para a realización de probas de funcionamento , Axuda para a realización do manual de documentación da librería	
Retribución bruta mensual	682,27 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 09:00 13:00	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecemento de librerías de procesado de imaxes tipo OpenCV	30
Ítem nº 2	Nota media expediente académico	30
Ítem nº 3	Coñecementos de programación en Java	20
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 6/2019  
REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG096.01

3

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1637 Visión Artificial (GVA) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Cabello Ferrer, Diego	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Implementación de Redes Neuronais Convolucionais en GPUs empotradas	
Funcións a realizar	Estudo de arquitecturas de redes neuronais convolucionais de detección de obxectos en imaxes , Adaptación de arquitecturas de redes neuronais convolucionais de detección de obxectos de imaxes en GPUs , Implementación de redes neuronais convolucionais de detección de obxectos en imaxes na GPU empotrada Jetson TX2	
Retribución bruta mensual	1250 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (28,00 horas semanais) L. 09:00-15:00, M. 09:00-15:00, Me. 09:00-15:00, X. 09:00-14:00, V. 09:00-14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Estar en posesión da licenciatura/grao en Física o Enxeñaría en Telecomunicacións	20
Ítem nº 2	Estar en posesión de máster en Biga Data	30
Ítem nº 3	Expediente académico	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG120

4

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 REDES - INMUNOGENOM (Inmunogenómica de enfermidades de peces y moluscos) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria	
Investigador principal	Martínez Portela, Paulino	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Organización de actividades de divulgación científica, Redacción das actas dos acordos e logros da REDE, Revisión/actualización de literatura científica relacionadas coa inmunoxenómica de enfermidades de peixes e moluscos, Propostas novos proxectos	
Funcións a realizar	Organización de actividades de divulgación científica no marco da REDE, Redacción das actas dos acordos e logros da REDE desde o Campus de Lugo, Revisión e actualización de literatura científica relacionadas coa inmunoxenómica de enfermidades de peixes e moluscos, Procura de propostas de novos proxectos de convocatorias (internacionais, nacionais e autonómicas) que xurdan no ámbito da REDE	
Retribución bruta mensual	800 €	
Duración do contrato*	6,5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (15,00 horas semanais) Me. 16:00-21:00, X. 16:00-21:00, V. 16:00-21:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciado en Veterinaria	15
Ítem nº 2	Experiencia na organización de actividades de divulgación científica e de formación de profesorado	30
Ítem nº 3	Méritos de investigación: Publicacións, congresos, proxectos, contratos, estancias... relacionados co ámbito da saúde, benestar e produción de animais acuáticos	30
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG008

5

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Control ecológico de plantas adventicias en cultivos agrícolas en Galicia (CONTECAD). - GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS 2018 (Este contrato está financiado con cargo ás axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), subvencionado pola Consellaría de Medio Rural, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, no marco da convocatoria 2018)	
Centro de Traballo	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)	
Investigador principal	Rigueiro Rodríguez, Antonio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Colaborar no establecemento de ensaios de control de malas herbas en cultivos agrícolas con aceites esenciais	
Funcións a realizar	recoller e preparar sementes de malas herbas para os ensaios , Colaborar no establecemento de ensaios in vitro, en invernadoiro e en campo exterior , colaborar nos mostreos	
Retribución bruta mensual	682,27 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) L. 10:00-14:00, M. 10:00-14:00, Me. 10:00-14:00, X. 10:00-14:00, V. 10:00-14:00	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia previa nos traballos a realizar	40
Ítem nº 2	Titulación de Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	20
Ítem nº 3	Coñecementos de SIX e Autocad	15
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG034

6

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1487 Grupo de Materiais Cuánticos e Fotónica (QMatterPhotonics) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Facultade de Optica e Optometría	
Investigador principal	Liñares Beiras, Jesús	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Asistencia científico-técnica na fabricación de elementos ópticos de fase e integrados por intercambio iónico (INION) en vidro, e a súa caracterización e montaxe en sistemas ópticos	
Funcións a realizar	Fabricación sistemática de elementos ópticos de fase e integrados por INION en vidro , Caracterización óptica de ditos elementos por diferentes técnicas optoelectrónicas , Montaxe e comprobación de ditos elementos en sistemas ópticos clásicos e cuánticos	
Retribución bruta mensual	1250,00 €	
Duración do contrato*	8, 5 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 20,00 09:00 13:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doutor en Física	25
Ítem nº 2	Formación en Láser, Fotónica e Óptica (nivel de Grao e Máster)	15
Ítem nº 3	Publicacións científicas en revistas do SCI-JCR, ou de editoriais de prestixio no campo da óptica	30
Ítem nº 4	Participación en proxectos de investigación e estadias de investigación relacionados coa óptica e a fotónica	15
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	15

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG104

7

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Economía circular da madeira cara a unha construción baixo-enerxética (UMI-USCPEMADE- FINSA) - UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN 2018 Cofinanciamento dun 80% polo Feder no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), ao nome da unidade mixta de investigación "Economía circular da madeira cara a unha construción baixo-enerxética (UMI-PEMADE-FINSA)", no marco da convocatoria 2018.	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Guaita Fernández, Manuel	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	2	
Traballo a realizar	Utilización de técnicas de modificación da madeira que melloren o comportamento característico do material no relativo á durabilidade e á combustión.	
Funcións a realizar	Revisión exhaustiva do estado da técnica actual; análise das tecnoloxías e selección inicial das máis prometedoras, aplicacións piloto para conseguir prototipos sobre mostras de madeira de diferentes especies presentes en Galicia, Estudo de prototipos mediante ensayos acelerados de durabilidade e reacción ó lume; caracterización estrutural dos prototipos, análise e avaliación do impacto dos tratamentos, Posibilidades de modelización e definición dos límites de aplicación; valoración das tecnoloxías testadas tendo en conta resultados obtidos, aplicabilidade industrial e viabilidade económica	
Retribución bruta mensual	2000 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 08:00 15:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecementos relacionados coa química da madeira: celulosa, lignina, hemicelulosas, extractos	25
Ítem nº 2	Experiencia en xestión de innovación de proxectos, transferencia tecnolóxica da universidade a empresas	20
Ítem nº 3	Experiencia en técnicas aplicadas análise físico químico de materiais. Comportamento/degradación térmica dos materiais: procesos termoquímicos implicados	15
Ítem nº 4	Experiencia na interacción entre fluídos e superficies sólidas. [tensión superficial, viscosidade] vs [enerxía superficial, porosidade]. Experiencia na incorporación de principios activos en materiais porosos. Aplicación de fluídos supercríticos	15
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019  
REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN085

8

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Contribución al programa científico de investigación nuclear a baja energía de excitación en instalaciones europeas tipo TOF e ISOL 2016. - EXCELENCIA 2015 (Este contrato está financiado polo proxecto con referencia FPA2015-71690-P mediante unha axuda da Axencia Estatal de Innovación, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020)	
Centro de Traballo	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías	
Investigador principal	Durán Escribano, Ignacio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenrrolo dunha técnica de análise de datos de alvos activos para experimentos de Física Nuclear	
Funcións a realizar	Estudo do estado da arte dos detectores de alvo activo , Selección de ferramentas de software adecuadas o problema , Calibración dun detector de alvo activo	
Retribución bruta mensual	360 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (10,00 horas semanais) L. 10:00-13:30, Me. 10:00-13:00, V. 10:00-13:30	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
<b>Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC</b>		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Espediente académico	30
Ítem nº 2	Experiencia en análise de datos de detectores de alvo activo	45
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PN133

9

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Endemismos dunares ante el cambio climático: ecofisiología, expresión génica y nicho ecológico. EXCELENCIA 2017 Este contrato está vinculado ao proxecto con referencia CGL2017-87294-C3-1-P, financiado mediante unha axuda da Axencia Estatal de Innovación e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020.	
Centro de Traballo	Facultade de Bioloxía	
Investigador principal	Retuerto Franco, José Carlos Rubén	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Establecemento e mantemento de experimentos en invernadoiro e nunha parcela experimental da Illa de Sálvora	
Funcións a realizar	Toma de medidas de fisioloxía foliar (fluorescencia clorofílica e reflectancia) , Rexistro de datos demográficos e fenolóxicos en plantas experimentais , Análise estatístico de datos , Redacción de artigos científicos	
Retribución bruta mensual	1552,16 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais 10:00 14:00 16:00 19:00)	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecemento de tecnicas de fluorescencia clorofílica y reflectancia foliar	50
Ítem nº 2	Experiencia na publicación de artigos científicos	30
Ítem nº 3	Experiencia na recollida automatizada de datos ambientais mediante sensores	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PN235

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Detección y análisis de NIAS en diferentes etapas de procesado para su posterior eliminación/reducción en origen. - NAPA - RETOS COLABORACIÓN 2017 (Este contrato está financiado polo proxecto con referencia RTC-2017-5868-1 mediante unha axuda do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e da Axencia Estatal de Innovación, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020)	
Centro de Traballo	Facultade de Farmacia	
Investigador principal	Sendón García, Raquel	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Determinación de compostos non engadidos intencionalmente nas materias primas seleccionadas no proxecto e nos produtos finais	
Funcións a realizar	Determinación de compostos volátiles mediante P&T GC-MS , Determinación de compostos semi-volátiles mediante GC-MS , Análise dos resultados obtidos	
Retribución bruta mensual	900 €	
Duración do contrato*	8,5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (25,00 horas semanais) 10:00 14:00 16:00 17:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC.		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao en Química	20
Ítem nº 2	Master en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria	20
Ítem nº 3	Coñecemento do idioma Inglés B1 e alemán B1	15
Ítem nº 4	Experiencia en cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI003

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Lugo más Biodinámico. Planificación de un barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana (LIFE LUGO + BIODINAMICO) – 3 Este proxecto recibiu financiamento do programa Life da Unión Europea en virtude do acordo de subvención nº LIFE14 CCA /ES/000489	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Traballos de supervisión de mantemento de parcelas instaladas	
Funcións a realizar	Supervisión traballos mantemento , Documentos de costes e inversións , Apoio en traballos de mantemento	
Retribución bruta mensual	1552,16 €	
Duración do contrato*	1,5 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Máster en Investigación Agraria e Forestal	40
Ítem nº 2	Experiencia previa na análise de solos, augas e vexetación	30
Ítem nº 3	Titulación en Enxeñaría de Montes	30

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PI051

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	MEFISTO - Meniscal functionalised scaffold to prevent knee Osteoarthritis onset after meniscectomy Este proxecto recibiu financiación do programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea no marco do acordo de subvención nº 814444	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)	
Investigador principal	Alonso Fernández, María José	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Preparación e caracterización de sistemas de liberación de factores de crecemento para ser incluídos en andamiajes para rexeneración do menisco	
Funcións a realizar	Preparación e caracterización de sistemas de liberación de factores de crecemento , Evaluación das estratexias de incorporación dos sistemas cargados con factores de crecemento en andamiajes , Tratamento dos datos e preparación de informes	
Retribución bruta mensual	1900 €	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:30 14:00 16:00 18:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doctor en Química, Farmacia	20
Ítem nº 2	Experiencia en medicina regenerativa e nanomedicina	30
Ítem nº 3	Participación en proxectos H2020	10
Ítem nº 4	Estancias postdoctorais en universidades europeas relacionadas con rexeneración de tecidos	5
Ítem nº 5	Inglés nivel C1	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-CE153

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Desarrollo de un sistema de detección y seguimiento de objetos para torres de control de aeropuerto con DL - Fase 1	
Centro de Trabajo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Mucientes Molina, Manuel	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Anotación de vídeos. Selección de vídeos , Anotación imagen a imagen , Generación de identificadores	
Funcións a realizar	Selección de vídeos , Anotación imagen a imagen , Generación de identificadores	
Retribución bruta mensual	700 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 09:30 13:30	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia con la herramienta Vitbat	55
Ítem nº 2	Conocimiento de tipos de archivos de vídeo	20
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 2 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-CP127

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Control aerobiolóxico de Galicia	
Centro de Traballo	Facultade de Bioloxía	
Investigador principal	Aira Rodríguez, María Jesús	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Recollida, análise e caracterización de aeroalerxenos	
Funcións a realizar	Análise do contido polínico atmosférico de Santiago e Lugo , Recollida de mostras aerobiolóxicas e alerxenos do aire , Manexo de captadores Lanzoni e Cyclone	
Retribución bruta mensual	650 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (10,00 horas semanais) L. 10:00-15:00, M. 10:00-15:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	25
Ítem nº 2	Nivel básico de programación en C++ y MatLab	25
Ítem nº 3	Experiencia laboral en técnicas aerobiolóxicas	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 2 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-CP083

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	SIMPLIFIED CONTRACT FOR PURCHASE OF SERVICES. Pig studies. Contract reference: ANSK 0385 18	
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria	
Investigador principal	González Cantalapiedra, Antonio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise de mostras histolóxicas	
Funcións a realizar	Captura ao microscopio de preparacións histolóxicas , Análise co programa cellsens , Arquivo das mostras	
Retribución bruta mensual	1032 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (29,00 horas semanais) L. 09:00-16:00, M. 16:00-20:00, Me. 09:00-16:00, X. 16:00-20:00, V. 09:00-16:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
<b>Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC</b>		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Media do expediente académico de Grao	25
Ítem nº 2	Capacitación función A experimentación animal	10
Ítem nº 3	Capacitación función B experimentación animal	10
Ítem nº 4	Capacitación función C experimentación animal	10
Ítem nº 5	Capacitación función D experimentación animal	10
Ítem nº 6	Grao en Veterinaria	10
Ítem nº 7	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 6/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-CP118

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Determinación multiresiduos de fitosanitarios en mostras de interese agrícola no marco do proxecto 'Aplicador autónomo' (Código FEADER 2017/056B)	
Centro de Traballo	Facultade de Química	
Investigador principal	LLompart Vizoso, María del Pilar	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise de axentes fitosanitarios en tecido vexetal e matrices ambientais	
Funcións a realizar	Preparación de mostra , Análise cromatográfica , Preparación de informes	
Retribución bruta mensual	809,60 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (22,50 horas semanais) L. 10:30-13:30, 17:00-18:30, M. 10:30-13:30, 17:00-18:30, Me. 10:30-13:30, 17:00-18:30, X. 10:30-13:30, 17:00-18:30, V. 10:30-13:30, 17:00-18:30	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
<b>Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC.</b>		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	conocimiento teórico y práctico de técnicas de extracción y microextracción como extracción en fase sólida, microextracción en fase sólida	20
Ítem nº 2	Estudios de máster en química ou enxeñaría ambiental	20
Ítem nº 3	Coñecemento teórico e experiencia práctica nas técnicas GCMS/ MS e LC-MS/MS	30
Ítem nº 4	Experiencia en análise de matrices ambientais	10
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

[Versión en GALEGO](#)

[ENGLISH version](#)

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 6/2019

**RESOLUCIÓN 6/2019 DE MARZO, DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POR LA QUE SE CONVOCA CONCURSO PUBLICO DE MÉRITOS, PARA LA CONTRATACIÓN DE PERSONAL QUE ESPECÍFICAMENTE COLABORE EN LAS ACTIVIDADES Y PROYECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE FIGURAN EN EL ANEXO DE ESTA RESOLUCIÓN.**

La Universidad de Santiago de Compostela convoca Concurso Público de méritos Nº 6/2019, por el procedimiento de urgencia, para contratar personal que específicamente colabore en las actividades y proyectos de investigación que figuran en el anexo de esta Resolución Rectoral, de acuerdo con las siguientes **bases**.

### BASES DE LA CONVOCATORIA

#### 1.-OBJETO

EL objeto de la presente convocatoria es la contratación de personal para colaborar en las actividades y proyectos de investigación que figuran en el anexo I de la presente convocatoria.

El personal contratado colaborará y trabajará específica y únicamente en la actividad o proyecto de investigación para el que es contratado, que es de carácter finalista y en todo caso no estructural, mediante la financiación externa a través de la participación en convocatorias públicas o privadas, suscripción de convenios, concesión de subvenciones, etc.

La forma de provisión será la de concurso de méritos, a través de la valoración de los criterios de baremación establecidos para cada plaza.

#### 2.-REQUISITOS DE LOS CANDIDATOS

Para ser admitidos los aspirantes, además de cumplir los requisitos específicos exigidos en la actividad o proyecto de investigación para la que realicen su solicitud y que figuran en el anexo de esta convocatoria, deberán poseer en el día de finalización de presentación de solicitudes y mantenerlos hasta la fecha de finalización del contrato, los siguientes requisitos de carácter general:

- Ser español o nacional de alguno de los demás Estados miembros de la Unión Europea o nacional de algún estado, al que, en virtud de tratados internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España, les sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.
